



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

CONCURSOS

A continuación resumimos a situación dos distintos concursos, tanto os xa publicados como os que están pendentes de publicación.

CONCURSOS XA PUBLICADOS:

- Axentes de Facenda Pública (publicado no BOE do 28/07/09)

Este concurso resolveuse no día de onte, está pendente que a relación de adxudicatarios se remita ao BOE para a súa publicación. Achegamos, con esta nota, a relación de adxudicatarios das prazas de Galicia.

- Concurso do CTH (publicado no BOE do 27/08/09)

Segundo parece, na semana que vén facilitaranse os primeiros listados provisionais coas puntuacións, coa idea de resolvelo na primeira semana de decembro.

- Concurso do C1-A2 (publicado no BOE do 24/07/09)

A súa resolución está prevista para antes do Nadal, en todo caso antes de rematar este ano.

- Concurso de Vixilancia Aduaneira (publicado no BOE do 5/11/09)

A resolución está prevista para o mes de xaneiro de 2010.

CONCURSOS MOBILIDADE:

O vindeiro luns, día 23 de novembro, publicarase a convocatoria do concurso de mobilidade do CORPO TÉCNICO DE FACENDA, do que xa temos tanto as bases como a relación e méritos das prazas que se convocarán

Posteriormente enviarase ao BOE o concurso de mobilidade de AXENTES DE FACENDA PÚBLICA, do que esperamos ter, nos próximos días, a relación de prazas a convocar (sí temos xa, as bases deste concurso)

Tamén estaría pendente a publicación dun concurso de VIXILANCIA ADUANEIRA, do que aínda non temos datos, pero sí podemos adiantar que está prevista unha pronta convocatoria para ofrecer as vacantes antes da incorporación do persoal de novo ingreso.

Tamén esperamos que RRHH tome boa nota das peticións de toda a parte social e convoque concursos anuais para o resto do persoal da AEAT, como Auxiliares, Admtvos e Informática.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM